

CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CO CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Na nova ordenación das ensinanza universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo

COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG n.º 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra, Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, con sede en Pazo de Raxoi, 2º Andar, Praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela, e CIF Q6550003E. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o artigo 14.b) do Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG, Nº 150, do 5 de agosto).

Ambas as entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas curriculares, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, e as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes da titulación do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña a realización do Prácticum correspondente ao Plan de estudos do Grao en Socioloxía dentro dos programas de cooperación educativa promovidos polo Consello da Cultura Galega (en diante, a Entidade).

SEGUNDA. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa aqueles estudantes matriculados nalgunha titulación da Facultade de Socioloxía da UDC, de conformidade co plan de estudos correspondente.

Non poderán ser beneficiarios deste programa os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa Entidade, agás autorización obtida de acordo coa normativa interna da Universidade da Coruña.

TERCEIRA. Duración

A duración das prácticas académicas externas curriculares será a que establece o plan de estudos oportuno, dentro do marco previsto polo art. 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, do 30 de outubro), ou norma xeral posterior que o substituír.

CUARTA. Obrigase dereitos dos estudantes

Durante a realización das prácticas, o/a estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que a Entidade lle encomenda dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade (mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Aos estudantes garantiránselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situación persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j) Disfrutaren dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o/a estudante terá que elaborar unha memoria final de que fará entrega ao titor ou a titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais do ou a estudante.
- b) Entidade colaboradora en que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Entidade a que foi asignado/a.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

QUINTA. Obrigas da Entidade

A Entidade comprométese a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos dos estudantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Entidade expedirá ao ou á estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá

debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou da estudante
- b) Capacidade de aprendizaxe
- c) Administración e organización dos traballos
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita

No caso daqueles estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.

- e) Sentido da responsabilidade
- f) Facilitade de adaptación
- g) Creatividade e iniciativa
- h) Implicación persoal
- i) Motivación
- j) Receptividade ás críticas
- k) Puntualidade
- l) Relacións co seu contorno laboral
- m) Capacidade de traballo en equipo
- n) Aqueles outros aspectos que se consideraren oportunos

SEXTA. Obrigas do centro

O centro comprométese a convocar, difundir entre o seu alumnado e tramitar as ofertas de prácticas que recibira da Entidade no marco deste convenio.

SÉTIMA. Relación entre a Entidade e os estudantes en prácticas

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral, nin terán dotación económica obrigatoria por parte da Entidade, malia que se poderá prever unha contribución en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Nestes casos, a entidade deberá dar de alta e cotizar polo estudante á Seguridade Social nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE n.º 259, do 27 de outubro), e demais normativa de desenvolvemento.

A Entidade poderá interromper unhas prácticas cando considere que o/a estudante vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará a o ou á representante do centro.

Se o/a estudante se incorpora ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará para os efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

OITAVA. Tutores

Os estudantes en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha tutoría académica e outra profesional.

O titor ou a titora académico/a será un/unha profesor/a do centro, mentres que o titor ou a titora profesional será un/unha profesional da Entidade.

Os dous tutores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudantes durante as súas prácticas, asistirános no que for necesario e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os tutores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os tutores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os tutores profesionais deberán cumprir as obrigas seguintes:

- a) Acoller o estudante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar o estudante da organización e o funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes que corresponda.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.

- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudante e o informe do titor ou a titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.

NOVENA. Seguro escolar

O estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudantado. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para os estudantes.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.

DÉCIMA. Remisión aos anexos

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou a estudante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante; a posible bolsa ou axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao ou á estudante.

As prácticas terán a validez académica que se lles outorga no plan de estudos correspondente, no marco do Prácticum, e incorporaranse ao Suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación. Cada anexo recollerá as materias, o número de horas e os créditos asignados, e será asinado polos estudantes, unha persoa representante da Entidade e outra representante do centro.

En caso de incumprimento, a Entidade poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdiren a respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias serán resoltas mediante arbitraje nos termos previstos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje (BOE n.º 309, do 26 de decembro).

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

A duración deste convenio será dun ano académico, e renovarase automaticamente por iguais períodos de tempo mentres non for denunciado por algunha das partes, que o comunicará á outra por escrito e con, cando menos, dous meses de antelación á data de renovación.

No entanto, a denuncia do convenio non afectará ás prácticas que xa se viñesen realizando no momento de efectuala.

En proba de conformidade, asínase este convenio en exemplar triplicado en todas as súas follas, para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir:

A Coruña, 15 de novembro de 2016

Pola Universidade da Coruña

Polo Consello da Cultura
Galega

Asdo.: Julio Abalde Alonso

Asdo.: Ramón Villares Paz

Cargo: reitor

Cargo: presidente

ANEXO IV

PROXECTO FORMATIVO

PROXECTO FORMATIVO

O/a estudante que abaixo asina concede a súa conformidade para participar no programa de prácticas externas *curriculares/extracurriculares* da Facultade/Escola de _____ da Universidade da Coruña ao abeiro do convenio de cooperación educativa con _____, e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no mencionado convenio.

DATOS DO ESTUDANTE

D./D^a. _____,
con DNI _____, enderezo _____,
teléfono _____, titulación _____.

DATOS DA ENTIDADE E DA PRÁCTICA

O Sr./Sra. _____,
nomeado pola entidade colaboradora _____, empregada
en _____, rúa

número _____, teléfono _____, para exercer as funcións de titor dun acordo de cooperación educativa, declara que o plan de traballo a realizar polo estudante será o seguinte:

1. Descrición do traballo a realizar polo estudante: _____

2. Lugar onde se realizará o traballo: _____
_____.

3. Período durante o que se realizará o traballo

_____.

4. Número total de horas dentro deste período (_____ h) = (_____ ECTS)

5. Horario: _____.

6. Coñecementos específicos que deberá ter o estudante para facer este traballo:

_____.

7. Formación que adquirirá o estudante ao realizar este traballo:

8. Forma prevista para o seguimento e orientación ao estudante durante a realización do traballo:

9. (*De se-lo caso*) Bolsa ou axuda de estudos que a empresa outorgará ao estudante e forma en que será satisfeita (No caso de ser remunerada deberase cumprir coas obrigas recollidas na normativa tributaria e _____ na _____ de _____ cotización _____ á _____ Seguridade Social) _____

—.

_____, ____ de _____ de 201__

Pola Entidade

O/a estudante

Polo Centro

Asdo. _____

Asdo. _____

Asdo. _____

Cargo _____

Cargo _____

SR. DECANO DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO V

INFORME DO/A TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario. Remítalo por correo, fax ou mail ao enderezo de contacto. Esta información será utilizada para a avaliación definitiva do/a estudante.

O/a _____ titor/a

D./Dña.: _____

____ con DNI: _____

Nomeado _____ pola _____ empresa/institución:

Informa sobre o tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo alumno/a:

Apelidos _____ e _____ Nome:

DNI: _____

Centro: _____

Titulación: _____

Período _____ de _____ realización _____ das _____ prácticas _____ (datas):

Horas de prácticas realizadas:

Que as tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas adecuáronse ao establecido no proxecto formativo e merece a seguinte valoración:

	EXCELENTE	Moi Bo/BOA	Bo/BOA	REGULAR	DEFICIENTE
Nivel de coñecementos previos	☐	☐	☐	☐	☐
Grao de cumprimento do seu horario e tarefas	☐	☐	☐	☐	☐
Nivel de iniciativa	☐	☐	☐	☐	☐
Nivel de esforzo	☐	☐	☐	☐	☐
Calidade dos traballos realizados	☐	☐	☐	☐	☐
Capacidade para resolver problemas	☐	☐	☐	☐	☐
Nivel de competencias amosado	☐	☐	☐	☐	☐
Nivel de integración na empresa / institución	☐	☐	☐	☐	☐

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

☐ De ser o caso, achego unha folia complementaria

A Coruña, ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____